

COMUNICADO DE PRENSA O CARBALLIÑO 6/9/16

O PARTIDO POPULAR DO CARBALLIÑO DENUNCIA QUE A DESIDIA DO GOBERNO MUNICIPAL SOCIALISTA LEVA AO CARBALLIÑO A PERDER O CONCURSO DE GANDO QUE SE FIXO DURANTE 71 ANOS DE XEITO ININTERRUMPIDO.

A nosa tradición, o concurso de gando máis antigo de Galicia, que se fixo ininterrumpidamente durante 71 anos, non se celebrará porque o Concello do Carballiño non quixo traballar e deixou que morrera este evento.

Nos logros deste Goberno municipal, quedará o feito de rematar o que era unha tradición e un premio aos poucos gandeiros que aínda quedan na nosa comarca.

Non nos parece de recibo que se diga dende o Concello que non se fai porque a xunta pon impedimentos. A Xunta o que pon é requisitos, e un debe de cumprilos.

Efectivamente se ti tes a visita de técnicos e o que lle enseñas é un sitio sen pechar, sen bebedeiros e incluso sen desbrozar, o normal é que digan que o sitio non é adecuado, pero se ante eso, en vez de deixar correr o tempo, pechas un recinto, e colocas uns bebedeiros, e todo o preciso, e volves a solicitar a visita de técnicos, pois seguro que terías una contestación positiva. Ou ben, se ves que é difícil, libras o patio do antigo campo da feira, e volves para o lugar onde se fixo durante varios anos.

Calqueira solución sería viable menos a de pasar do asunto e deixar morrrer un concurso de gando que todas as corporacions municipais, todas as democráticas e as anteriores ata chegar ao ano 44, coidaron con mimo.



Non se pode permitir un pobo como o Carballiño, que lle gusta falar da súa historia e presumir dela, que o evento mais soñeiro dos que temos desaparezca.

Invitamos non obstante ao goberno municipal a que se non é coindindir coas festas patronais, que se poida facer noutro momento do ano este concurso de gando na súa 72 edición e así seguir presumindo de historia e non de desidia.